

PROGRAMACIÓN DE
CULTURA CLÁSICA 3º ESO

2021 – 2022

Departamento de lingua e literatura castelá



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
	1.1 Introducción.....	4
	1.2 Contextualización.....	5
	1.3 Lexislación aplicada.....	6
2	COMPETENCIAS CLAVE.....	7
3	OBXECTIVOS.....	17
	3.1 Obxectivos xerais da etapa: secundaria obrigatoria	17
	3.2 Obxectivos específicos de cultura clásica	18
4	RELACIÓN DOS ESTÁNDARES AVALIABLES DE APRENDIZAXE COAS COMPETENCIAS CLAVE, CONTIDOS, OBXECTIVOS, CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN, TEMAS TRANSVERSAIS E TEMPORALIZACIÓN.....	20
	(concreción en táboas e secuenciación).....	20
5	SECUENCIACIÓN E CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES EN UNIDADES DIDÁCTICAS	37
6	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS E PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN	41
7	METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS	44
	7.1 <i>Para ensino íntegramente presencial</i>	44
	7.2 <i>Para ensino semipresencial (no caso de periodos presenciais combinados con periodos de confinamento ou corentena)</i>	45
8	CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	48
	8.2 Tipos de avaliación	49
	8.3 Criterios de cualificación: medidas para a avaliación do alumnado (ensino presencial e semipresencial)	50
	A/ Avaliación no caso de ensino íntegramente presencial.....	50
	B/ Avaliación en caso de ensino semipresencial (combinando fases presenciais e non presenciais).....	51
	8.5 Recuperación do alumnado coa materia pendente.....	52
9	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	53

10. AUTOAVALIACIÓN DO ALUMNADO E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE: INDICADORES DE LOGRO	57
11. CONEXIÓN COS TEMAS TRANSVERSAIS	65
12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	65
13. RELACIÓN CO PLAN TIC	67
14. A CONEXIÓN CO PLAN LECTOR	68
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E DAS PRÁCTICAS DIARIAS, EN RELACIÓN ÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	69

1.1 Introducción

A materia de cultura clásica constitúe unha das poucas optativas de letras na ESO. Por desgracia, como outras materias de humanidades, está pouco valorada nunha sociedade eminentemente práctica, deshumanizada e interesada ante todo en aspectos economicistas. Unha sociedade que non ve resultados tanxibles e inmediatos nestas áreas, despreza o seu nivel de esixencia, pese a descoñecerlas por completo, e mantén respecto a elas moitos outros prexuízos. Por este motivo, espertar no alumnado o interese cara ela supón un esforzo extra que conta con bastantes obstáculos engadidos, como a idea, existente en bastantes adolescentes e adultos, de que é unha perda de tempo, un desperdicio de esforzo intelectual, un simple entretemento ou un problema para a futura elección de posto de traballo.

Pese a todas estas dificultades, compre salientar que, igual que as outras materias de letras, esta supón un medio de enriquecemento persoal, un xeito de desenvolver áreas cognitivas, un modo de espertar o espírito crítico, relacionar coñecementos para sacar conclusións e descubrir outras épocas, aspectos culturais e artísticos que poden ser aplicados a diversas áreas. Dado que ademais, a maior parte do noso léxico procede do latín, e mesmo do grego, unha base de vocabulario destas linguas é moi útil para o propio coñecemento da lingua galega e da lingua castelá. Este vocabulario pode ser adquirido sen entrar nun estudo profundo da gramática de ambas linguas, estudo que, dado o nivel do alumnado, será máis ben obxecto de cursos posteriores e máis específicos ou ben da propia optativa de latín.

Por outra banda, a maior parte da nosa cultura, arte e historia están intimamente relacionadas cos costumes, conceptos e producións de gregos e romanos, dos que somos unha herdanza indiscutible. Lembremos tamén as súas grandes achegas á filosofía, arquitectura e mesmo ós sistemas sociais e políticos que hoxe son as bases dos nosos. Coñecer as súas ideas, obras de arte (plásticas e literarias) a súa mitoloxía e a súa vida cotiá, é un xeito ameno de reflexionar sobre eles e sobre nós mesmos, tanto para evolucionar e cambiar os seus erros como para imitalos nos seus abundantes acertos.

Por todo isto, a cultura clásica supón un medio de coñecer e valorar o mundo grecolatino. Pretende ademais que o alumnado vexa a cultura grega e latina como un elemento integrador da nosa propia cultura. Os clásicos teñen un grande valor en si mesmos, valor suficiente para xustificar o seu estudo; pero ademais, o seu coñecemento é importante para interpretar outras linguas, sociedades, a ciencia, a filosofía e as diversas artes (literatura, pintura, escultura, música...) porque mediante os seus mitos, construcións lingüísticas, conceptos artísticos e ideolóxicos, influíron nelas considerablemente. E, aínda hoxe, seguimos recorrendo ó latín e o grego para dar nome a novos inventos, conceptos e movementos artísticos.

Dada a variedade de aspectos que abarca esta área, decidimos distribuílos nesta programación en cinco grandes **bloques temáticos que trataremos nas tres avaliacións**. Fixémolo por razóns prácticas, pero sen entendelos como compartimentos estancos, xa que están intimamente relacionados. Estes bloques son : **lingua** (aspectos xerais básicos sobre o latín e o grego e a súa influencia no castelán e o galego), **literatura** (grega e latina), **mitoloxía** (grega con algúns elementos latinos engadidos) **xeografía e historia** (de Grecia e Roma) e aspectos importantes da **cultura e vida cotiá do mundo clásico** (organización social e política, artes, ciencia, filosofía, ocio, costumes e ritos ...)

Son precisamente a variedade de temas, e a constante comparación e relación entre o mundo clásico e o moderno, as que poden xerar motivación. Pensamos que, lonxe de ser unha materia pouco práctica, a cultura clásica supón un importante enriquecemento humanístico: permítenos coñecer mellor o mundo grecolatino pero tamén o noso propio mundo.

1.2 Contextualización

A materia de cultura clásica é unha optativa ven sendo impartida no centro desde hai varios anos, e forma parte das materias do departamento de lingua e literatura castelá. Complétase ademais, con aspectos de cultura clásica incluídos, de acordo co estipulado polo currículo oficial, tamén na optativa de latín de 4º, que tamén é unha das materias que imparte o departamento de lingua e literatura castelá.

Así, o departamento de lingua e literatura castelá conta coa profesora Dña. Susana Lorenzo que imparte lingua e literatura castelá de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e cultura clásica de 3º.

Este curso contamos con 7 alumnos/as de cultura clásica.

Barro é un municipio de pouco máis de 3500 habitantes na actualidade, con una poboación moi dispersa en pequenas parroquias. O Instituto está situado nunha zoa agrícola e gandeira, próxima a una cidade. Isto ten como consecuencia que parte da poboación traballe no sector terciario nesa cidade e comarca.

No ámbito familiar predominan as familias compostas polo matrimonio e dous fillos e en moitos casos comparten vivenda con avós ou outros familiares. A idade dos pais oscila entre 33 e 45 anos.

No referente ó traballo, e case que todas as familias traballa o pai e solo nunha terceira parte delas o fai tamén a nai.

O nivel de estudos da gran maioría de pais e nais son os de Primaria, sendo moi poucos os que acadaron o Bacharelato ou Formación Profesional, e só excepcionalmente, estudos universitarios.

A lingua habitual nos fogares é o Galego. O nivel cultural das familias é medio-baixo.

Case que todas elas consideran importante que sexa fluída a relación có Instituto.

Os alumnos /as teñen idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos. A oferta educativa do IES restrínxese os catro cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria. A súa gran maioría consideran que se debería traballar máis en equipo e valorar máis os traballos feitos en grupo. Prefiren como instrumentos de avaliación os traballos da casa, de clase e en equipo, rexeitando os exames e as preguntas en clase.

Soamente a una pequena parte lles agrada o que teñen que estudar. A meirande parte dos alumnos/as do IES considera a xornada lectiva diaria suficiente para aprender e lle dedican pouco tempo na casa polas tardes, salvo en época de exames. Unha porcentaxe considerable dos pais non ve demasiado necesario o aporte cultural ós fillos, de aí que poucos acudan ó teatro, danza, a concertos ou museos, e con pouca frecuencia ó cine, pese a ter Pontevedra a menos de 10 km. distancia. O instituto tenta paliar esas carencias mediante a organización de actividades extraescolares. O tempo libre é ocupado principalmente en: ver televisión (entre 1 e 2 horas), axudar na casa (entre 1 e 2 horas). Outras ocupacións serían algo de lectura , xogos, redes sociais, actividades deportivas, actividades musicais...

Entre o alumnado, fala sempre Galego un 60%. Só un 12% utiliza o castelán sempre. Indistintamente empregan as dúas linguas un 28 %.

O 80% manifesta dispor dun lugar para estudar (Preferentemente a súa habitación).

O 93% ten dicionarios na casa e o 62 % algunha enciclopedia.

Case que todos teñen ordenador pero non sempre con conexión a Internet.

Hai un número considerable que non descubriron o pracer da lectura. A mala utilización do tempo de ocio e a carencia na variedade de actividades é outra das características negativas que se desprenden das enquisas realizadas. No referente as aspiracións persoais ó rematar a ensinanza obrigatoria, aproximadamente as 2/3 partes desexan seguir estudando un ciclo formativo ou facer o bacharelato, por esta orde.

O alumnado pensa que o Instituto ten que ocuparse do ensino relacionado coas novas tecnoloxías, dos problemas sociais (drogas, marxinación...), da educación sexual e da conservación do medio ambiente. Tamén traballar a educación para a saúde, a ed. vial e a ed. para a paz. Valoran de maneira positiva a relación cós compañeiros. Un pouco menos a relación cós profesores. Observamos ademais certos prexuízos en temas como a igualdade de xénero, homosexualidade, non demasiada conciencia social e nalgúns casos pouca concienciación respecto ó bo trato ós animais ou a educación ambiental. Por iso tentamos traballar estes aspectos, desde cada materia, como parte dos temas transversais. En xeral non son alumnos conflictivos, aínda que, algúns anos, si hai excepcións nese sentido. Algo máis da metade opinan que o NOF é o adecuado.

1.3 Lexislación aplicada

Programación elaborada segundo o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato e do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o mesmo currículo na comunidade autónoma de Galicia.

Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

2 COMPETENCIAS CLAVE

Os obxectivos xerais son o principal referente á hora de planificar a nosa práctica como docentes. Deberemos traducilos en aprendizaxes que se expresen en termos de capacidades relacionadas en cada un dos obxectivos, buscando, ante todo, o desenvolvemento harmónico do individuo, a través das distintas áreas.

Nesta etapa educativa, os nosos alumnos/as enriquecerán a súa linguaxe oral e escrita nos niveis de comprensión e expresión. Ó mesmo tempo melloraremos e crearemos neles unha maior sensibilidade cara a Lingua Literaria (no bloque de literatura grecolatina) cara os feitos históricos, o coñecemento das culturas que son berce da nosa. Contribuirá á ampliación do noso léxico a partires de léxico do latín e do grego e mesmo da mitoloxía. Esta servirá tamén como fonte de coñecemento simbólico do mundo e da mentalidade dun pobo, e como grande axuda á interpretación das distintas artes (literatura, pintura, escultura, música, arquitectura, cine) tanto na cultura clásica como na cultura occidental descendente dela. A isto engadiremos nocións básicas de como gregos e romanos fixeron achegas decisivas á filosofía, a política ou a ciencia que chegaron ós nosos días.

Os contidos reflectidos en cada bloque non se referirán unicamente a conceptos, senón tamén a destrezas, técnicas e estratexias de aprendizaxe. O mesmo tempo, valores, actitudes, comportamentos e normas que contribúan ó desenvolvemento integral de cada alumno/a e a un proxecto de sociedade máis respectuosa.

Ademais, a organización integrada dela, propicia como mínimo o fortalecemento das relacións substantivas que existen entre as distintas materias ou ámbitos curriculares, de modo que por exemplo, desde a cultura clásica se poidan xerar actitudes cidadáns de respecto ás minorías, á igualdade etc., ou tamén, xerar estratexias de expresión e comprensión.

O desenvolvemento da competencia de comprensión lectora, que inclúe a interpretación de textos de gregos e romanos, favorece en menor medida a adquisición da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxías, a parte dun privilexiado instrumento de comunicación, é o medio a través do cal se organiza a experiencia e o pensamento. O seu dominio progresivo vai ligado ao desenvolvemento da abstracción, aos coñecementos teóricos ou prácticos; por outra parte, as actitudes e os valores transmítense e confórmanse tamén, a través da lingua, da literatura e da cultura grecolatina, que en grande medida, é a nosa.

A competencia en comunicación lingüística está na base do desenvolvemento de tódalas competencias, pero vemos a continuación un esquema das competencias máis desenvolvidas na nosa programación:

1. Competencia en comunicación lingüística - CCL

Dispoñer de esta competencia implica ter conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e a intención comunicativa. Implica tamén a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas; de ler, escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar – fondo e forma– as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.

Con distinto nivel de dominio e formalización –especialmente na lingua escrita– esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, pero tamén na castelá, galega, latina e grega, poder comunicarse e, con elo, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Ademais favorece o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

A competencia en comunicación lingüística (CCL) é o resultado da acción comunicativa dentro das prácticas sociais determinadas, nas que o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Ademais do seu valor como elemento cognitivo, ten un compoñente sociocultural, artístico e tamén afectivo que debemos traballar.

Precisa da interacción de distintas destrezas, xa que se produce en múltiples modalidades de comunicación e diferentes soportes. Desde a oralidade e a escritura ata as formas máis sofisticadas de comunicación audiovisual ou mediada pola tecnoloxía, o individuo participa dun complexo enramado de posibilidades comunicativas coas que amplía a súa competencia, a súa capacidade de interacción con outros individuos.

Instrumento fundamental para a socialización e aproveitamento da experiencia educativa, por ser unha vía privilexiada de acceso ó coñecemento dentro e fora da escola.

En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, ao menos, una lingua estranxeira.

Neste caso, traballamos esa comprensión lingüística a partires de textos literarios, históricos, culturais, mitolóxicos... de gregos e romanos. Pero tamén usando elementos visuais relacionados co mundo clásico (vídeos, películas, documentais, cadros, fotos, presentacións por ordenador...) como punto de partida para a comprensión e a expresión verbal posterior.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- A boa comprensión verbal.
- A capacidade de expresión verbal oral, clara e correcta.
- A capacidade de expresión escrita clara e correcta.
- O dominio da mecánica de lectura.
- A capacidade de lectura comprensiva.
- Análise e interpretación reflexiva de textos, moitos deles literarios e históricos, atendendo ó contido e á forma, empregando como instrumento fundamental o comentario de texto.

- Desenvolvemento da expresión oral mediante intervencións, exposicións e debates.
- Desenvolvemento da expresión escrita en exercicios e redaccións. Incluímos tamén os intentos de elaborar textos creativos con intención literaria.
- Comprensión de fenómenos gramaticais.
- Comprensión de tendencias e elementos literarios.
- Adquisición de vocabulario novo e comprensión do noso a partir do grego e o latino.
- Estudo básico dos mecanismos de funcionamento da lingua grega e latina, dedución e aplicación das súas normas e comparación coas normas das nosas, derivadas delas.
- Conciencia da lingua como entidade viva, que reflexa ás persoas e ás sociedades e que evoluciona co tempo e os cambios sociais.
- Comprensión e interpretación de textos literarios clásicos, en relación ó seu contexto histórico e establecendo comparacións coa nosa sociedade actual.
- Respecto pola diversidade lingüística.
- Uso da lingua como elemento de expresión en calquera actividade relacionada coa materia (interpretación de textos orais e escritos, exercicios gramaticais, redaccións, traballos, exposicións...)

O currículo desta materia, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao tratamento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, aínda que se adquiren desde unha lingua, se transfíren e aplican ao aprendizaxe de outras. Este aprendizaxe contribúe, a súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

2. Tratamento da información e competencia dixital - CD

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser una persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ó seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Interpretación de táboas, esquemas, fotocopias, imaxes.
- Busca en Internet e outros soportes.
- Busca no dicionario e nas gramáticas.
- Lectura e análise de fotocopias e mapas.
- Observación e análise de materiais aportados por elementos audiovisuais (películas, documentais, traballos en power point...)

- Elaboración de esquemas que resuman a información.
- Utilización das distintas ferramentas tecnolóxicas para desenvolver aspectos relacionados coa materia.
- Manter unha actitude crítica e reflexiva ante a información recibida, aprendendo a contrastala e seleccionala.
- Resolución de tarefas e exercicios a través da aula virtual Moodle e de Edixgal.

A materia contribúe ao tratamento da información e competencia dixital ao ter como unha das súas metas, proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante sobre o mundo clásico, de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa utilización na produción de textos orais e escritos propios. A busca e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet, a realización guiada destas busca constituirá un medio para o desenrolo da competencia dixital. A elo contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución de texto, revisión) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Tamén poden contribuír ao desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborador da escritura e dos coñecementos.

3. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía – CMCT

Este tipo de competencia ten unha relación menos directa con esta materia en concreto, pero podemos atopar certa conexión no contexto histórico co que se relacionan os movementos culturais grecolatinos, dado que ó estudalos hai tamén referencias ós avances científicos e matemáticos que se produciron e que foron base da nosa ciencia. Por outro lado require o fomento de destrezas para usar máquinas, o que conecta coa competencia dixital e iso exercitase á hora de elaborar traballos sobre a materia en distintos soportes.

Esta materia conecta de xeito concreto con esta competencia nos seguintes aspectos:

- Co coñecemento dos personaxes importantes do mundo da ciencia que naceron do mundo clásico a través da filosofía, das matemáticas, astronomía, medicina... e de boa parte dos seus estudos e descubrimentos.
- A utilización do léxico grecolatino no mundo da ciencia: bioloxía, matemáticas, medicina...
- O uso do alfabeto grego para as matemáticas e a física.
- O coñecemento e uso doutros sistemas de numeración: os números romanos.
- O coñecemento das máquinas que xurdiron a partir do mundo grecolatino: máquinas de guerra, de construción...
- O coñecemento da grande implicación das matemáticas e a física na arquitectura grega e latina: edificios, calzadas, acuedutos...

4. Competencia social e cívica - CSC

Esta competencia supón comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado

nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e a democracia, e mantendo una actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Implica a capacidade para analizar de xeito crítico os costumes das distintas sociedades, as súas tensións e procesos de cambio. Tamén supón reflexionar sobre os distintos tipos de discriminación, a xustiza, o multiculturalismo. Implica amosar tolerancia pero tamén capacidade crítica coa inxustiza, negociar sabendo inspirar confianza, amosar diplomacia e xerar empatía. Supón loitar contra os prexuízos, respectar as diferencias e defender os dereitos propios e alleos.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía, dereitos humanos e civís e das leis fundamentais e a valoración dos mesmos. Iso inclúe tamén o coñecemento de acontecementos históricos (neste caso da historia de Grecia e Roma) e a súa comparación cos actuais.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Cunha reflexión crítica, partindo da literatura, da historia, da mitoloxía, de filosofía, das artes e doutros aspectos culturais grecolatinos, sobre os valores existentes nas distintas épocas.
- Comparando a sociedades clásica, nas súas diferentes etapas, coas actuais.
- Coñecendo a importancia da literatura, as lendas e a mitoloxía como elemento de cohesión social e como reflexo da sociedade que as elabora.
- Coñecendo a importancia da literatura, as lendas e a mitoloxía como elemento de comprensión en maior profundidade das artes clásicas e das artes actuais.
- Descubrimiento dos mecanismos de control social e creación de consciencias colectivas partindo do coñecemento da historia e a política grecolatinas.
- Eliminación de prexuízos discriminatorios polo contacto con culturas anteriores.
- Análise crítico de razoamentos inxustos en diferentes épocas e textos literarios.
- Comparación dos diferentes sistemas políticos de gregos e latinos (monarquía, democracia, república, imperio) cos actuais, recoñecendo os seus principais trazos e a orixe dos nosos neles.
- Aprendendo un léxico básico do mundo da política (derivado do grego) e do dereito (derivado dos romanos) que se emprega nos nosos días.
- Eliminación de prexuízos economistas, practicistas ou resultantes da ignorancia, que desprezan as humanidades e as artes, entre elas a cultura clásica.

A aprendizaxe da cultura clásica contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten, asumir as diferenzas os puntos en común e a herdanza recibida do mundo clásico, supón aproximarse a outras realidades para entender mellor a nosa.. Por outra banda, a educación lingüística que implica o coñecemento básico sobre as realidades do latín e do grego, ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de

todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén se contribúe desde a materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

5. Competencia de conciencia e expresións culturais. - CEC

O conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e desfrutar coa arte e outras manifestacións culturais, como a aquelas relacionadas co emprego de algúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais e artísticas, a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo, una actitude aberta, respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais, o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora, e un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade, como de outras comunidades.

Require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural: patrimonio histórico-artístico, literario, filosófico, medioambiental, científico... Incorpora diferentes manifestacións e linguaxes artísticas: literatura, pintura, escultura, fotografía, cine, danza, interpretación, arquitectura... e require o desenvolvemento da imaxinación, o sentido da estética, a sensibilidade e a reflexión artística e humanística. Esta competencia conecta claramente co mundo clásico dado que as nosas artes e a nosa cultura son en grande medida resultantes da súa, as veces para continuala e imitala e noutros casos para transformala.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Co coñecemento das formas de pensamento e as obras de arte clásicas, tratando a literatura, pintura, escultura e arquitectura, tanto da antigüidade como da sociedade actual en relación a ela.
- Desfrute e valoración crítica desas manifestacións artísticas.
- Capacidade para analizalas usando a razón e as emocións.
- Conciencia do seu valor e da necesidade de conservalas.
- Identificación deses elementos artísticos en obras de arte posteriores.
- Desfrute e valoración da lectura, especialmente de obras literarias.
- Conexión da literatura coas demais artes, tentando unha interpretación máis ampla e enriquecedora do feito artístico.
- Elaboración de textos propios con intención estética e literaria, buscando, ademais dunha boa elaboración formal, a expresión de sensacións e emocións.
- Exercicios para desenvolver a creatividade, en sentido amplo, pero centrándose no terreo verbal. Para iso é interesante a función creativa, simbólica e explicativa da mitoloxía.
- Demostrando sensibilidade e interese pola cultura e literatura grecolatina.
- Demostrando sensibilidade e interese pola xeografía e historia grecolatina.

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias gregas e latinas e de fragmentos históricos e filosóficos contribúen de forma relevante ao desenvolvemento dunha *competencia artística e cultural*, entendida como aproximación a un patrimonio cultural e artístico, e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cine e se analicen incluíndo unha contextualización histórica e filosófica e unha relación entre as actuais e as grecolatinas. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social clásico (autores, críticos, bibliotecas, librerías, catálogos ou a súa presenza no cine e na prensa), adquiran sentido para o alumnado.

6. Competencia para aprender a aprender - CAA

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia e eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico, como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal desenvólvese a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Esta competencia inclúe unha serie de destrezas que requiren a reflexión a toma de conciencia dos propios procesos de aprendizaxe. Así, os procesos de coñecemento convértense en obxecto do coñecemento e, ademais, hai que aprender a executalos adecuadamente.

Aprender a aprender inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). Ademais, esta competencia incorpora o coñecemento que posúe o estudante sobre o seu propio proceso de aprendizaxe que se desenvolve en tres dimensións:

- O coñecemento que ten sobre o que sabe e descoñece, o que é capaz de aprender, o que lle interesa, etcétera.
- O coñecemento da disciplina na que se localiza a tarefa de aprendizaxe y o coñecemento do contido concreto e das demandas da tarefa mesma.
- O coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.

Respecto ás actitudes e valores, a motivación e a confianza son cruciais para a adquisición de esta competencia. Ambas se potencian desde a proposta de metas realistas a corto, medio e longo prazo.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Interacción constante entre pasado e presente.
- Desenvolvemento da capacidade de comprensión, expresión, razoamento, atención e concentración.
- Desenvolvendo a memoria, coa retención de conceptos e a práctica, con exercicios sobre eles.
- Exercitando a análise e dedución.

- Elaboración e interpretación de apuntes, táboas, esquemas, resumos...
- Interpretación e redacción de textos.
- Traballo tanto individual como en equipo.
- Capacidade para autoavaliarse.

A cultura clásica, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento occidental. O acceso ao saber clásico e á construción de coñecementos mediante as linguas descendentes do latín e o grego, relacionase directamente coa competencia básica de *aprender a aprender*. Os contidos recollen un conxunto de saberes conceptuais e conectan con diversos estándares avaliábeis (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e comparar información) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos artísticos e informativos, e que se utilizan para aprender a aprender. Tamén é moi interesante o coñecemento básico de tendencias da filosofía grega, claramente relacionada coa interpretación do mundo e coa propia aprendizaxe (lembremos a Sócrates, os sofistas, os cínicos... e as súas teorías sobre o coñecemento e a aprendizaxe humana.)

7. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor - CSIE

A autonomía e a iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións. Ademais supón a habilidade para traballar tanto individualmente como en equipo, o pensamento crítico e a resolución de problemas. Implica tamén o autocoñecemento e a predisposición a actuar de maneira creadora e imaxinativa, esforzo e determinación á hora de cumprir obxectivos.

Aplicamos a nosa materia para obter a citada competencia nos seguintes aspectos:

- Fomento da conciencia histórica, e do análise crítico do mundo clásico e do actual.
- Elaboración de hipóteses para explicar fenómenos.
- Busca de elementos clásicos que perduran no mundo actual.
- Expresión da opinión sobre comportamentos doutras sociedades e da propia.
- Exercitando o esforzo e a constancia para realizar o traballo.
- Traballando de xeito individual e en equipo ó facer presentacións, redaccións e comentarios.
- Desenvolvemento da capacidade creadora na invención de textos imaxinativos.
- Demostrando determinación á hora de acadar os obxectivos esixidos.
- Demostrando respecto cara a materia, o profesor e os compañeiros.

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade. Por elo, a adquisición de habilidades culturais contribúe a progresar na *iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía*.

Ademais do xa exposto, esta materia desenvolve as distintas competencias mediante:

- A comprensión de textos e conceptos novos e a necesidade de expresalos de xeito ordenado, esixe a lectura comprensiva e a capacidade de expresión verbal.
- O contacto con culturas e valores diferentes permite a comparación e relativización dos propios valores e desenvolve o espírito crítico.
- Á vez permite ó alumnado comparar e recoñecer o grande legado que o mundo clásico deixou na nosa cultura e nas nosas linguas.
- Facilita de xeito extraordinario a adquisición de vocabulario, dado que no grego e no latín está a base do vocabulario castelán e galego. Tamén permite a interiorización de estruturas lingüísticas.
- A competencia cultural e artística exercítase no contacto coa mitoloxía e a literatura grecolatina, que implica interesantes exercicios de análises literarias. Tamén se exercita coas demais artes do mundo clásico: pintura, escultura, arquitectura. Así, a materia desenvolve o sentido da estética e

a sensibilidade.

- A adquisición de competencia social xurde do coñecemento das institucións gregas e latinas como base das nosas e como referente da organización social e participación cidadá.
- O coñecemento das desigualdades sociais e sexuais no mundo clásico favorece a comparación co actual e a reacción crítica ante a discriminación.
- O estudo de elementos da lingua grega e latina desenvolve a reflexión, memorización e o rigor lóxico e a competencia lingüística.
- Tamén favorece as destrezas que axudan á busca de información sobre aspectos pouco coñecidos polo alumnado usando diferentes fontes e soportes para expresala.

3 OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos xerais da etapa: secundaria obrigatoria

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e as dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer el desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural e histórico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para a mantenza da nosa identidade e como medio de expresión e relación interpersoal.

3.2 Obxectivos específicos de cultura clásica

- Coñecer e identificar os principais deuses, heroes, humanos e monstros da mitoloxía grega e a súa presenza na nosa cultura: vocabulario, obras artísticas, valores...

- Valorar a mitoloxía e identificar a simboloxía dos mitos grecolatinos, o seu significado profundo, máis aló da simple anécdota, e o seu influxo na nosa cultura.

- Coñecer os principais xéneros literarios grecolatinos e os seus autores máis representativos, analizando os seus textos e véndoos como base da nosa literatura, como fonte de coñecemento e pracer.

- Coñecer a xeografía, os principais acontecementos e personaxes históricos de Grecia e Roma, e establecer relacións coa nosa propia historia.

- Coñecer e analizar a vida cotiá grega e a romana, buscando similitudes e diferenzas coa nosa, atendendo a:

- o A cultura e o ocio: diversións, teatro, deporte, espectáculos, praceres...
- o A formación intelectual: aprendizaxe, filosofía, arte, ciencia, técnica...

- A organización social: política, cidades, vivenda, familia, clases sociais, situación das mulleres...
- O aprobado na avaliación final esixirá as tres avaliacións aprobadas cunha nota igual ou superior a 5. O alumnado que non aprobase unha ou varias avaliacións, e ó que a media das tres lle dea unha nota inferior a 5, deberá presentarse á recuperación das avaliacións suspensas e terá que superar os exames correspondentes cunha nota igual ou superior a 5.

Entendemos ademais como abandono da materia: o feito de non facer reiteradamente os exercicios e traballos solicitados, xunto coa constante falta de atención en clase, a ausencia repetida e inxustificada dos exames (sen xustificante oficial), ou a súa entrega sen responder correctamente a ningunha pregunta. Isto será comunicado ós pais directamente ou a través do titor/a. No caso de producirse este tipo de abandono, as consecuencias e medidas do departamento estarán en relación coa normativa elaborada ó respecto no NOF do centro.

Dado que en grande medida esta é unha materia de aprendizaxe progresivo, non é posible avaliar de xeito compartimentado algúns dos seus estándares como a comprensión lectora, a análise de textos, a expresión correcta, a ortografía, a habilidade verbal, o interese pola materia, a adquisición de vocabulario... Por tanto, os criterios de avaliación relacionados con estes aspectos, aplicaranse ó longo de todo o curso, en cada exame, traballo, lectura, texto ou exposición que se realice, buscando, iso si, unha mellora e aumento da dificultade progresivas. Si podemos secuenciar outros aspectos relacionados sobre todo coa mitoloxía, a historia, a cultura, artes e literatura. Así o profesor valorará en que medida o alumno/a os coñece, analiza e aplica.

B/ Avaliación en caso de ensino semipresencial (combinando fases presenciais e non presenciais)

No caso de que, por motivos sanitarios, sexa inevitable combinar no curso periodos presenciais, con periodos non presenciais longos (confinamentos colectivos), reconfiguraremos o método de avaliación. Así, teremos en conta os seguintes aspectos:

- As probas, exames e exercicios realizados nas fases presenciais, valoraranse na nota nunha porcentaxe maior que os exercicios e probas entregados telemáticamente. Isto será así porque nas presenciais é evidente a autoría do alumno ou alumna, xa que non ofrece dúbidas ó respecto, e o estudante enfróntase a elas só cos seus propios medios. A porcentaxe, por tanto será:

-Exames e probas entregados nas fases presenciais:	70% da nota da avaliación
-Exercicios entregados nas fases presenciais:	10% da nota da avaliación
-Probas e exercicios entregados en fases de confinamento e non presenciais:	20% da nota da avaliación.

Tendo en conta estas porcentaxes, o alumnado deberá obter unha nota igual ou superior a 5 para conseguir o aprobado.

- No caso de que algunha avaliación tivese que facerse íntegramente de xeito non presencial (ou non dese tempo a obter nela exames e exercicios presenciais) a nota desa avaliación correspondería á valoración dos exercicios e probas entregados telemáticamente. Se o resultado fose inferior a 5, o alumno ou alumna deberá recuperala posteriormente de xeito presencial, cun exame, sempre que non o impidan motivos de confinamento ou corentena.

- Para aprobar na avaliación ordinaria, o alumno ou alumna terá que recuperar cada avaliación suspensa mediante exames presenciais posteriores, sempre que sexa posible, nos que deberá obter unha nota igual ou superior a 5.

-No caso de que durante o curso, unha avaliación completa tivese que ser íntegramente telemática, e non houbera posibilidade de recuperación presencial, para a nota final, a contabilización sería:

- Aval. presencial 40%,
- Avaliación presencial 40%,
- Avaliación non presencial 20%.

Con estas porcentaxes, o alumno ou alumna deberá acadar unha nota igual ou superior a 5 para aprobar na avaliación ordinaria.

- Se un alumno ou alumna non entrega nada, de xeito inxustificado, nunha avaliación forzosamente telemática, será considerado abandono desa avaliación e, se non hai posibilidade dunha posterior recuperación presencial, poderá ser motivo de suspenso na avaliación ordinaria.

O alumnado que non aprobe na avaliación ordinaria deberá presentarse a un exame para superar a avaliación extraordinaria. Ese exame estará centrado nos estándares básicos da materia, valorado en 10 puntos e, para aprobalo, deberá obter nel unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

8.5 Recuperación do alumnado coa materia pendente

O criterio e método de **avaliación para alumnos pendentes** é a combinación de:

- A nota obtida en exercicios e traballos propostos ó alumnado durante o curso (40% da nota), entregados e corrixidos en bloques ó longo do curso, seguindo os métodos, e dentro dos prazos establecidos pola profesora. Xunto con estes, o alumnado fará como mínimo unha proba escrita (contará o 60% da nota), baseada nos estándares básicos da materia. O profesorado informará dos resultados que vaia obtendo en cada avaliación.
- A cualificación total obterase sumando a proba ou probas escritas (60% da nota) e os exercicios e traballos propostos (40%.) Para obter o aprobado, o resultado debe ser igual ou superior a 5.
- En caso de non ter entregado ningún exercicio dos plantexados pola profesora, o aprobado dependerá ó 100% dun exame, valorado sobre 10 puntos e no que deberá sacar unha nota igual ou superior a 5.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade, desde o punto de vista metodolóxico, debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe e levar ó profesor a:

- Detectar os coñecementos previos dos alumnos ó comezar cada unidade. Os alumnos/as os que se lle detecte unha lagoa nos seus coñecementos, débeselles propoñer unha ensinanza compensatoria, na que terá importancia o traballo en situacións concretas.
- Identifica-los distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as e establecer as adaptacións correspondentes.
- Intentar que a comprensión do alumno/a de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cós contidos que se relacionan có mesmo.

A resposta educativa á diversidade, entendemos que ten como eixo fundamental o principio da individualización da ensinanza. O tratamento e a atención á diversidade realizámola pedagoxicamente dende a proposta didáctica dos tipos de actividades. Consideramos que o elemento do currículo que mellor materializa este tratamento é o correspondente ós distintos tipos de actividades. Considerámolas necesarias para despertar motivacións e intereses, constituíndo un medio excelente na nosa intervención didáctica mediante as correspondentes estratexias de aprendizaxe que propoñemos. Distinguiremos os seguintes tipos:

- **Iniciais ou diagnósticas**, imprescindibles para determinar os coñecementos previos do alumno e da alumna. Son esenciais para establecer a ponte didáctica entre o que coñecen e o que queremos que saiban, dominen e sexan capaces de aplicar, para alcanzar un aprendizaxe significativo e funcional.
- **Actividades de reforzo inmediato**, concretan e relacionan os diversos contidos. Consolidan os coñecementos básicos que pretendemos alcancen nosos alumnos e alumnas, manexando reiteradamente os conceptos e utilizando as definicións operativas dós mesmos. A súa vez, contextualizan os diversos contidos en situacións moi variadas. Propóñense ó fío de cada contido.
- **Actividades finais**, que avalían de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos que pretendemos que alcancen. Tamén serven para atender á diversidade do alumnado y os seus ritmos de aprendizaxe, dentro das distintas pautas posibles nun grupo-clase, e de acordo cós coñecementos e o desenrolo psicoevolutivo do alumnado de esta etapa educativa. Propoñémola ó final de cada unidade didáctica.
- **Grupos de reforzo e repetidores**: establécese a a creación de grupos de reforzo para aqueles alumnos que mostren dificultades, co asesoramento e aprobación do departamento de Orientación. Mantense a programación para o grupo de reforzo, centrándose nos contidos mínimos e reforzando cuestións básicas en detrimento de contidos mais secundarios ou xerais. Considérase imprescindible unha actitude positiva e de esforzo e traballo por parte do alumnado. No caso de non mostrar unha actitude positiva, o agrupamento é flexible e polo tanto o alumno retornaría ó grupo de referencia. Amplíase máis adiante este apartado nas medidas específicas para cada curso.

Medidas aplicadas en 3º da ESO

A atención à diversidade debe estar presente en todo o proceso de aprendizaxe. O profesorado procederá á detección dos coñecementos previos, dos que partirá, tanto consolidando os correctos como corrixindo os trabucados. Terá que detectar os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e tentar, no posible, adaptarse a el elaborando distintos tipos de actividade con diferentes grados de dificultade. Son importantes tamén as sesións de repaso, para afianzar coñecementos e a aclaración das dúbidas que poidan xurdir.

Tendo en conta que esta materia non aparece en cursos previos a 3º de ESO non é doado que o alumnado teña coñecementos previos sobre ela. Si podemos rastrear aspectos relacionados con ela nos seus coñecementos básicos sobre a xeografía e historia de Grecia e Roma, estudadas en 1º e 2º, xunto con aspectos da vida cotiá e a súa cultura. Tamén é posible que teñan algúns conceptos sobre mitoloxía, adquiridos a través de lecturas, do cine e das artes plásticas (conceptos que haberá que revisar, corrixir e ampliar) e cuestións relacionadas co latín e o grego nas nosas linguas (prefixos e sufixos, expresións latinas frecuentes...) Isto afecta ó alumnado novo no centro, na mesma medida que ós outros. Ademais, por tratarse dunha materia de letras, é importante incidir especialmente na comprensión e expresión lingüística, na que algúns alumnos e alumnas presentan ás veces dificultades.

Tras cada avaliación detectaremos os aspectos que supoñen máis dificultade para o alumnado, ou que non quedaron claros, e incidiremos sobre eles con exercicios de repaso. Se fose necesario, ralentizaremos o ritmo das clases. No caso de algún alumno/a con problemas específicos comprobados, ademais de exercicios de repaso, poderá ampliarse o seu tempo, se é preciso, durante a realización dos exames.

Contamos este curso con algúns alumnos e alumnas que presentan dificultades. É posible que algúns deles precisen algunha medida de reforzo, que será aplicada en función das necesidades de cada un. Isto decidírase na avaliación inicial.

Ademais daremos a posibilidade de recuperacións das avaliacións suspensas a aquel alumnado que o necesite.

Tamén contaremos cun informe inicial das circunstancias (medios, conectividade) e coñecementos de cada un para manexar a aula virtual e Edixgal, conectarse, recibir e enviar mensaxes, consultar arquivos, material audiovisual, subir tarefas e mesmo asistir a videoclases se fose necesario. Tentaremos solucionar os problemas que se lles poidan plantexar.

RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE		
TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	PROPOSTAS DE MELLORA

DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos.	Seleccionar contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe a a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVIMENTO	Non ten dificultades (alumnos e alumnas de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lle permitan poner en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas de dificultad e progresiva, de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar el interes y la motivación con actividades e tareas más procedimentales y próximas a su realidad.	
DIVERSIDADE EN RESOLUCIÓN	Encontra solucións aos problemas que se formulan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Encontra solucións aos problemas que se formulan nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	

	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se propoñen.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar a expresión oral e escrita para melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades con nivel necesario para que o alumnado adquira ás ferramentas necesarias que lle permitan mellorar	


Presentamos aquí rúbricas que poden ser de utilidade para autoavaliación, tanto do alumnado como do profesorado:

1. Autoavaliación do alumnado:

DIANA PARA A AUTOAVALIACIÓN DO TRABALLO E O ESFORZO NA CLASE

Le con atención cada un dos textos que aparecen arredor da diana e marca cunha cruz as interseccións correspondentes, segundo o criterio que aparece neses puntos. Une as cruces, canto maior sexa o polígono, maior será a puntuación. Indica en que puntos poderías mellorar e como.

1. Nunca.
2. Ás veces.
3. Case sempre.
4. Sempre.



REXISTRO DE AUTOAVALIACIÓN DE ACTITUDES			
Nome:		Curso:	Data:
	Sempre	A maioría das veces	Poucas veces
		2	
Organicei o meu tempo			
Fun responsable e organicei as miñas tarefas.			
Aprendín os contidos e as técnicas da unidade			
Mostrei interese e esforzo en aceptar e corrixir os meus erros			
Cooperei e fun respectuoso nas tarefas realizadas en grupo			
Tomei medidas para mellora a miña aprendizaxe			
Resultado global (suma puntuación ÷ 6) =		<input type="text"/>	
Resultado inferior a 2	A túa actitude debe mellorar		
Resultado igual a 2	A túa actitude pode mellorar		

2. Autoavaliación da práctica docente:

Teremos en conta:

1. A motivación do profesor/a cara a aprendizaxe do alumnado
2. A planificación da programación
3. A estrutura do proceso de ensino-aprendizaxe
4. Seguimento e avaliación do proceso

1) MOTIVACIÓN POR PARTE DO PROFESOR CARA A APRENDIZAXE DO ALUMNADO

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
Motivación inicial dos alumnos/as		
1. Presento ó principio de cada sesión un plan de traballo, explicándoa súa finalidade.		
2. Comento a importancia do tema para as competencias e formación do alumno.		
3. Deseño situacións introdutorias previas ó tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...)		
4. Relaciono os temas da área/materia con acontecementos da actualidade.		

Motivación durante ó proceso

5. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, con un linguaxe claro e adaptado...		
6. Relaciono con certa asiduidade os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos/as.		
7. Fomento a participación dos alumnos nos debates e argumentos do proceso de ensinanza		

Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)

8. Reflexiono si os contidos son os indicados para o Alumno/a		
9. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, mapas conceptuais, esquemas...)		

2) PLANIFICACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
Compoñentes da Programación didáctica		
Teño establecido que cada programación didáctica está estruturada por Unidades Didácticas .		
Deseño a unidade didáctica baseándome nas competencias clave que deben de adquirir os alumnos /as.		
Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresan claramente as habilidades que os alumnos/as deben conseguir como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
Selecciono e secuencio os contidos (coñecementos, procedementos actitudes) de miña programación de aula coa secuenciación adecuada ás características de cada grupo de alumnos.		
Analizo e deseño dentro da programación didáctica as competencias clave necesarias para a área ou materia		
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada có resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesores de apoio).		
Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten		

facen o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao no que alcanzan as aprendizaxes		
Adopto estratexias e técnicas programando actividades en función dos obxectivos didácticos, en función das competencias clave, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos/as.		
Estou levando á práctica os acordos de ciclo ou departamento para avaliar as competencias clave así como os criterios de avaliación das áreas ou materias		

3.) Estrutura do proceso de ensino- aprendizaxe

INDICADORES DE LOGRO	
Actividades no proceso	
Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos, e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.	
Propoño os meus alumnos/as actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese de consolidación, de recapitulación, de ampliación e de avaliación).	
Facilito a adquisición de novos contidos a través das diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual)	

Estrutura na aula

Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo ,para as actividades que os alumnos/as realizan na clase).
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar...etc, controlando que sempre estea presente un adecuado clima de traballo.
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

Cohesión no proceso

Comprobo, de diferentes modos, que os alumnos entenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, ...

Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e aseguro a participación de todos....

4) Seguimento e avaliación.

INDICADORES DE LOGRO	Valoración (de 1 a 4)	PROPOSTAS DE MELLORA
Seguimento del proceso de ensino-aprendizaxe:		
Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.		
Proporciono información ó alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de autoavaliación .		
No caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición		
No caso de obxectivos suficientemente alcanzados, nun curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.		

Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, o grao de motivación, etcétera., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).
Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, PT, AYL, Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/o adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...
Adapto o material didáctico e os recursos á característica e necesidades dos alumnos realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios.
Busco e fomento interaccións entre o profesor e o alumno/a

Os alumnos/as séntense responsables na realización das actividades.
Propoño traballo en grupo para analizar as interaccións entre os alumnos.

4) Seguimento e avaliación

INDICADORES DE LOGRO	
-----------------------------	--

Criterios de avaliación

Aplico os criterios de avaliación de acordo coas orientacións da Concreción Curricular	
Cada Unidade didáctica ten claramente establecido os criterios de avaliación.	
Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos e estándares).	

Instrumentos de avaliación

Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información (registro de observacións, carpeta do alumno, ficha de seguimento, diario de clase...)	
Corrijo e explico os traballos actividades dos alumnos , dou pautas para a mellora dos seus aprendizaxes.	
Uso estratexias e procedementos de autoavaliación que favorezan a participación dos alumnos na avaliación.	
Uso diferentes instrumentos de avaliación (probos orais e/o escritas, observación directa...) para coñecer o seu rendemento académico.	
Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de	

avaliación, boletín de información, reunións colectivas, entrevistas individuais, ...) dos resultados da avaliación.	
Utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos que realizo e mellorar a miña intervención docente	
Realizo diferentes rexistros de observación para realiza- la avaliación (notas no caderno do profesor, ficheiro, rexistro de datos, rexistro anecdótico...)	

11. CONEXIÓN COS TEMAS TRANSVERSAIS

A conexión cos temas transversais xa foi especificada para os distintos estándares na táboa presentada nesta programación. De todos modos, desenvolvemos aquí de xeito xeral esa conexión.

Todos os aspectos estudados conectan coa expresión oral e escrita, dado que en maior ou menor medida versan sobre ela ou requiren dela para desenvolverse.

A materia conecta cos temas transversais en moitos aspectos, na comparación da cultura, literatura e mitoloxía grecolatinas coas actuais para estudar temas como a igualdade entre homes e mulleres, diferencias de clases sociais e desigualdades económicas, cuestionamento e tolerancia de costumes e tradicións, racismo, liberdade sexual (homosexualidade, desigualdade na permisividade a homes e mulleres...) prexuízos, O apartado da liberdade sexual permite ver a que tiñan os homes, non así as mulleres, no mundo grego e romano, e a diferenza coas concepcións actuais, como a ausencia de homofobia naquela época. Estes aspectos traballan a educación para a paz, educación moral e cívica, educación da saúde e da sexualidade.

No caso da igualdade de sexos, a cultura clásica permite coñecer a educación, formación e vida das mulleres gregas e romanas, a clara discriminación que sufrían con respecto ós homes (falta de liberdade vital e sexual, escasa formación intelectual...) Isto vese a través do estudo da vida cotiá grega e romana, da historia e da mitoloxía, co tratamento que recibían, ás veces como obxectos, botíns de guerra, no mundo real ou seres perseguidos polos deuses e traizoados polos heroes no mundo mitolóxico. Tamén vemos o parecido entre ese mundo clásico e o noso, a evolución da muller e os seus dereitos, e a permanencia de moitos aspectos daquela mentalidade. Traballamos así a educación para a igualdade de sexos.

Tamén permite estudar diferentes réximes políticos (monarquía, democracia, república, imperio) a súa terminoloxía, e a través dos acontecementos históricos, as consecuencias da prepotencia económica, militar, guerras... Tamén as diferencias de clases sociais, a escravitude, a xustiza, o enfrontamento entre dereitos individuais e colectivos, ética e lei. Educación moral e cívica e educación para a paz.

A través da literatura grecolatina traballamos especialmente a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual (proxectando presentacións e fragmentos de películas sobre obras literarias e personaxes mitolóxicos e elaborando traballos) ademais a educación para o lecer. Tanto a literatura, como a mitoloxía e as diferentes artes clásicas permiten conectar tamén coa educación para a sensibilidade artística e para o lecer.

Ademais a materia permite ademais valorar as artes, as humanidades e o mundo clásico como elemento de aprendizaxe e comparación co mundo actual. Tamén cuestionar as actitudes practicistas e puramente economistas que tenta impoñer esta sociedade.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Dada a situación actual derivada da pandemia, non poderemos facer, mentres non cambien os protocolos, aquelas actividades programadas aquí, e realizadas outros cursos, que impliquen a saída do centro (como é o caso da asistencia ó teatro) ou a agrupación do alumnado en xogos ou

traballos que esixan proximidade física. Si se poderán facer traballos en equipo a través de medios telemáticos, ou exposicións orais que permitan compartir o espazo da aula sen romper a distancia de seguridade.

Entre as actividades complementarias están a asistencia a unha obra de teatro clásico grecolatino, só cando iso sexa posible.

Tamén a proxección de películas baseadas na mitoloxía grega ou na historia de Grecia e Roma.

A lectura de fragmentos de obras literarias gregas e latinas, e mesmo dunha completa seleccionada pola profesora en función do nivel do grupo.

Ademais os alumnos participan en xogos relacionados coa mitoloxía, aportados ou deseñados pola propia profesora, en colaboración co departamento de actividades extraescolares.

Tamén conectaremos coa biblioteca para realizar lecturas de textos de autores clásicos grecolatinos e coas TIC para a busca de información e a elaboración de traballos

Busca e identificación dos trazos, lendas, personaxes literarios, aspectos históricos en obras filmicas, fotografías de pinturas, esculturas e tamén en poemas e relatos literarios.

Actividades para relacionar e buscar elementos da cultura clásica nas diferentes artes: cine, teatro...

Actividades para comparar a forma de vida do mundo clásico coa actual, buscando similitudes e diferenzas, e aprendendo a identificar o moito que hai da mentalidade grecolatina na nosa.

13. RELACIÓN CO PLAN TIC

A materia conecta co plan TIC mediante as proxeccións de películas e documentais, que precisan de tecnoloxía audiovisual. Esas películas poden ilustrar aspectos da literatura, mitoloxía e historia e vida cotiá do mundo grecolatino.

Incluimos a proxección de DVD comprados pola profesora nunha recente viaxe a Roma. Conteñen documentais sobre o Coliseo e o Foro romano, e tratan aspectos sobre a súa arquitectura, historia, funcións. Presentan ademais unha reconstrución virtual da Roma antiga e informan sobre a vida e costumes nesa cidade, na época clásica.

Ó mesmo tempo visualizarán obras de teatro filmado, baseadas en traxedias e comedias da literatura grecolatina.

Tamén se emprega o ordenador e Internet na elaboración de traballos e apuntes, tanto por parte da profesora como do alumnado. Servirá para a recollida de datos, visualización de imaxes relacionadas coa xeografía, arte e arquitectura.

Así mesmo, consultarán mediante Internet, artigos e noticias relacionadas co mundo clásico.

Ademais, existen exercicios en páxinas de Internet, relacionados coa mitoloxía e outros aspectos da cultura grecolatina. Os alumnos acoden nalgunha ocasión a facelos, dependendo do tempo e dispoñibilidade de ordenadores.

Tamén engadimos presentacións por ordenador sobre mitoloxía (deuses, heroes, humanos e monstros) a vida cotiá de gregos e romanos, literatura (teatro, edificios, obras...)

O alumnado contestará a principio de curso unha enquisa sobre os seus coñecementos informáticos, capacidade de uso da aula virtual e medios dos que dispón, para poder empregala na materia.

Incluimos a consulta de arquivos, material audiovisual e a presentación de tarefas propostas, na aula virtual Moodle ou Edixgal , e en caso necesario, a asistencia a videoclases.

14. A CONEXIÓN CO PLAN LECTOR

Realízase a través de lecturas de fragmentos e obras literarias grecolatinas ás que os alumnos acceden na propia biblioteca do instituto.

Tamén buscando lecturas do mundo clásico que encaixen co tema do mes elixido polo centro. Desde a perspectiva literaria, histórica, mitolóxica, vida cotiá, sociedade...

- Tamén unha película relacionada coa historia de Grecia ou de Roma.
- Exposicións de traballos baseados en arte ou arquitectura grecolatinas.

Propoñemos xogos relacionados coa mitoloxía grecolatina: de preguntas e respostas, superación de probas...

Entre os autores propostos para a lectura propoñemos:

- Adaptacións da *Ilíada* e da *Odisea* de Homero.
- Adaptacións sobre os traballos de Hércules.
- Adaptacións das *Argonáuticas* de Apolonio de Rodas, para coñecer a historia de Jasón e os Argonautas.
- Selección de poemas de lírica grega, especialmente de Safo e Arquíloco.
- Lectura dramatizada dunha traxedia grega de Eurípides, Sófocles ou Esquilo e visión dunha película ou teatro que a represente
- Lectura dramatizada dunha comedia grega Aristófanes, e visión dunha película ou obra teatral que a represente.
 - Lectura dunha selección de textos de autores latinos, en especial Ovidio, Horacio e Catulo
 - Lectura, en clase, dunha adaptación de *As Metamorfoses*, de Ovidio.

Entre o material audiovisual tratado en clase citamos películas baseadas en obras literarias grecolatinas: Troya (na *Iliada*) *A odisea*, *Jasón e os argonautas* (nas *Argonáuticas*), *Hércules*) ou en aspectos históricos, *Espartaco*, *Julio César*, *Cleopatra*, *Alejandro Magno* , *Roma*... e algúns documentais sobre Roma e Grecia clásicas: vida cotiá, construcións, obras de arte, aspectos históricos e xeográficos, autores e obras de teatro clásico grecolatino: *Lisístrata*, *Medea* , *Antígona*.

Actividades e xogos relacionados coa adquisición de vocabulario de orixe grega ou latina: frases latinas empregadas hoxe, prefixos e sufixos, cultismos, latinismos.

Actividades que estuden o uso de vocabulario grecolatino en diversas materias: política, ciencia, artes, literatura... estas actividades partirán de xogos, cuestionarios, concursos...

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E DAS PRÁCTICAS DIARIAS, EN RELACIÓN ÓS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

As programacións son documentos que planifican o que se vai desenvolver ó longo do curso, pero á vez, están suxeitas a revisións en función das circunstancias, e do grupo, que varían dun ano a outro. Así, debemos ter en conta os resultados, poñendo como referencia, tanto o curso anterior, como os obtidos en cada avaliación do presente curso. Cousa que faremos a medida que vaíamos obtendo os datos correspondentes.

Xuño	Aprobados	
	Suspensos	
	Porcentaxe aprobados	

Aínda que nas reunións de departamento e nas avaliacións veremos os resultados e o nivel de aplicación das programacións, a final de curso analizaremos ata que punto acadamos o proposto na programación, tendo en conta os seguintes aspectos:

TÁBOA DE VALORACIÓN DO PROCESO DE ENSIANZA APRENDIZAXE			
- Periodización das unidades didácticas (duración)	insuficiente	axeitado	excesivo
- Cantidade de estándares destinados a cada unidade didáctica	insuficiente	axeitado	excesivo
- Grado mínimo para a acadar os estándares	insuficiente	axeitado	excesivo
- Dificultade para avaliar os estándares	baixa	normal	alta
- Relación entre os instrumentos de avaliación e os estándares de aprendizaxe	baixa	normal	alta
- Adecuación entre as actividades propostas e os estándares de aprendizaxe	baixa	normal	alta
- Idoneidade da metodoloxía para acadar os estándares de aprendizaxe	baixa	normal	alta
-Uso de diferentes metodoloxías durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe	baixa	normal	alta
- Carga teórica das unidades didácticas	insuficiente	axeitado	excesivo
- Material didáctico empregado nas diferentes sesións	insuficiente	axeitado	excesivo
- Grado de dificultade dos contidos das unidades didácticas	insuficiente	axeitado	excesivo
- Información recibida polo alumnado sobre os criterios de cualificación	baixa	normal	alta
- Grado de satisfacción do alumnado en relación os criterio de cualificación, a información recibida, a idoneidade das unidades didácticas.	baixa	normal	alta
- Grado de atención á diversidade e apoio o alumnado con NEAE	baixa	normal	alta
- Formación de grupos de nivel axustando as actividades	baixa	normal	Alta

Tras esa análise, discutiremos propostas de mellora nos diferentes aspectos.

Tendo en conta que en vindeiros curso pode haber suspensos, propoñemos ademais, de darse o caso, certas medidas que tentaremos aplicar.

Para iso contamos coas reunións do departamento que permiten tratar cuestións como as seguintes:

- Detección dos aspectos que implican maior dificultade para o alumnado, e que son susceptibles de repaso, exercicios de reforzo e busca de métodos alternativos para a seu tratamento.
- Información sobre a comprensión das lecturas obrigatorias seleccionadas, e, se o profesorado o considera interesante, a posibilidade de engadir novos libros e lecturas, ou de variar algún.
- Busca de novos textos ilustrativos sobre o dado en clase. O profesorado comentará aquelas lecturas que coñeceu en cursos, na vida cotiá, nas súas conversas con profesores doutros centros, a través dos medios de comunicación...
- Busca e utilización de novos vídeos e fragmentos de películas relacionadas directamente coa materia, e nas que ademais se poderán traballar os temas transversais. Isto inclúe tamén o deseño de xogos, e a asistencia anual ó teatro.
- Tras cada avaliación faremos unha reunión para valorar os resultados obtidos, comentar as causas e buscar solucións, dentro do posible. Para iso, tentaremos a revisión das explicacións, o repaso de aspectos tratados, e o deseño de exercicios de reforzo.
- Tamén ó longo do curso, haberá opción a probas de recuperación de avaliacións suspensas, e da materia pendente.
- O profesorado deseñará actividades que axuden á comprensión de aqueles aspectos importantes que supoñan máis dificultades, e tentará incluír outras, de intención motivadora, para propiciar unha actitude positiva e mellorar, dentro do posible, a atención e o interese por parte do alumnado.
- Tamén revisará os indicadores de logro da práctica docente, que figuran nesta mesma programación, para comprobar os que vai cumprindo, e aqueles que son mellorables.
- Informarase ós pais dos resultados mediante os boletíns de avaliacións, de xeito xeral, e de xeito particular, no caso de alumnos/as que amosen dificultades, falta de asistencia, ou non presenten, de xeito reiterado, os traballos e actividades solicitadas. Isto poderá facerse directamente ou a través do titor/a do grupo ó que pertence o alumno/a.